

BANDO DA ALCALDÍA

XESTIÓN DE BIOMASA PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

Os incendios forestais constitúen unha ameaza moi importante para o noso entorno, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ten como obxectivo prioritario e fundamental incidir na protección das persoas e bens fronte ós incendios forestais. Esta Lei obriga a manter limpas as denominadas “redes secundarias de faixas de xestión de biomasa”, que son franxas de seguridade, ideadas para evitar a propagación do lume, de forma que: Segundo o artigo 21 desta Lei, **débense manter limpas de vexetación accesoria** (toxos, xestas, fentos, silveiras, carqueixas, carrouchas, uces...) e **libres de árbores de especies non permitidas** (piñeiros, eucaliptos, acacias...) **as franxas de 50 metros perimetrais a:**

- Solo urbano, de núcleo rural e urbanizable
- Edificacións e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolinerías, parques e instalacións industriais.

Segundo a citada lei, as persoas que resulten responsables, deberán proceder a realizar os traballos de xestión (corta e roza) das súas parcelas, así como á retirada de especies arbóreas non permitidas, ANTES DE QUE FINALICE O MES DE MAIO DE CADA ANO.

Lémbrese a obriga que teñen os titulares de fincas afectadas de efectuar ANUALMENTE os traballos necesarios para dar cumprimento ás condicións que establece a normativa.

No seguinte enlace pódese acceder ao visor de faixas secundarias de protección contra incendios forestais para ver se unha parcela está incluída na mesma e, de ser o caso, a superficie de afección: <https://mapas.xunta.gal/visores/faixas/>

Asemade, **cómpre indicar que no chan urbano, de núcleo rural e urbanizable aplícanse subsidiariamente os mesmos criterios establecidos para a rede secundaria.**

Ribeira, á data da sinatura electrónica

A alcaldesa,

María José Sampedro Fernández



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001B2DE100V7S8P9S1N6A7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA
13/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/04/2026 14:55:44

EXPEDIENTE :: 2026TMA-000019
Fecha: 13/04/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07EA001B2DE100V7S8P9S1N6A7

